

CONVOCATORIA MEDIOS

ACTO:

Presentación de resultados do Proxecto ENSIGNA

LUGAR:

Sede da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.
Rúa/Félix Estrada Catoira, 3 Baixo Dereita. 15007 - A Coruña.

DATA:

Luns, 19 de marzo de 2007

HORA:

12:00h.

RELATORES:

- D. Salustiano Mato de la Iglesia. Director Xeral de I+D+I
- D. Jesús Castro Barreiro. Subdirector Xeral de Discapacidade (D.X. Acción Social)
- D. Feliciano Sola Limia. Presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG).

SUMARIO:

Ensigna é un proxecto financiado pola Dirección Xeral de I+D+I que se desenvolveu durante os anos 2005 e 2006. Esta investigación estivo coordinada polo CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia). Nela participaron a Fundación FAXPG, a Universidade de Santiago de Compostela e Femxa Formación Empresarial (empresa especializada en tecnoloxías de e-learning).

ENSIGNA tivo como principal obxectivo avaliar o desenvolvemento dunha metodoloxía innovadora de ensino-aprendizaxe de Lingua de Signos Española mediante a utilización por parte de profesores e alumnos de Tecnoloxías da Información e da Comunicación de última xeración.

Para a consecución deste obxectivo implementouse un curso piloto no que se deseñaron unha mostra de contidos didácticos multimedia interactivos que permitiran ós alumnos aprender a través de Internet a Lingua de Signos Española. Estes contidos estaban deseñados especialmente para que calquera alumno aprendera a Lingua de Signos Española, para o que, ademais da versión dos contidos en lingua española escrita, había tamén unha versión signada en formato vídeo.

Ademais disto, a metodoloxía de seguimento e avaliación continua deste proxecto puxo a disposición de alumnos e profesores unha tecnoloxía de comunicación multidireccional, de tal xeito que tutores e participantes puideron realizar tutorías en tempo real e en diferido. Isto permitiu ós profesores facer un seguimento persoal en todo momento, individualizado e en tempo real do progreso dos alumnos.

Durante o acto amosaránse as diferentes ferramentas tecnolóxicas utilizadas por parte de profesores e alumnos na realización do curso piloto.

Ata o de agora é a primeira vez que se pon en práctica unha metodoloxía de ensino-aprendizaxe con este tipo de tecnoloxía.

Para máis información contactar con:

- María Teresa López, Fundación FAXPG: Tel: **981169336**

- María José Rodríguez Malmierca, Área de e-learning do CESGA: Tel: **981569810**